

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 11 de mayo de 2023 e que literalmente di :

"Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Recibidas da concelleira de Turismo as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 35 da Lei 39/2015.

Antecedentes

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas, aprobado definitivamente polo Concello Pleno o pasado 27.04.2023 e publicado no BOP N° 86 de data 08.05.2023, figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario : **JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL G70437181.**

Importe: **42.500 €**

Obxecto da subvención: **financiamento da organización e realización das procesións da Semana Santa Ferrolá 2023**

Segundo.- Achégase proxecto de convenio informado pola Xefatura de Servizo e aprobado por resolución de data 26.02.2018 do concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas.

Lexislación aplicable

- .- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- .- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- .- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- .- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- .- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- .- Artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- .- A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, 21 de outubro de 2019).
- .- Bases de execución do orzamento municipal.
- .- Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público

Consideracións

O acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.
O convenio proposto axústase en todos os seus termos ao modelo aprobado en data 26.02.2018.

Visto canto antecede, e ao abeiro do artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propónse á Concelleira delegada de Turismo, a aprobación do seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL para o **financiamento da organización e realización das procesións da Semana Santa Ferrolá 2023** por importe de 42.500 €.

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle

- Beneficiario: **JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL G70437181**
- Obxecto da subvención: **Financiamento da organización e realización das procesións da**

Semana Santa Ferrolá 2023

- Importe: **42.500 €**
- Partida: **05205 4301 48000**
- Doc Contable:
- Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordado, polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.

O punto cuarto anterior, refírese única e exclusivamente ás subvencións concedidas pola Concellería de Turismo. “

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL para o financiamento da organización e realización das procesións da Semana Santa Ferrolá 2023 por importe de 42.500 €

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle:

Beneficiario: **JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL G70437181**

Obxecto da subvención: **financiamento da organización e realización das procesións da Semana Santa Ferrolá 2023**

Importe: **42.500 €**

Partida: **05205 4301 48000**

Doc Contable: **RC nº operación: 223101196 Ref. 623**

Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións. .

CUARTO.- Notificar ao JUNTA GENERAL DE COFRADIAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL a **Resolución comunicando** que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 31.10.2023.

Ferrol,

Dou fe,
O secretario xeral